

SESIÓN ORDINARIA DE 1 DE XUÑO DE 2017

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:20 minutos do día 1 de xuño de 2017 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia da Interventora, dona Isabel Pernas, e do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez, D. Jesús Fernández García, D^a María José Martínez Vigo, D^a Tania Díaz Seijas, D. Xosé Ferreiro Fernández, D. Xabier Molinos Campos, D^a Luisa Meilán Lombao, D^a Juana Romero García e D^a Magdalena Ron Villar, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2017

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 23 de febreiro de 2017.

Afirma o concelleiro Xabier Molinos que na acta do 23 de febreiro non aparece o minuto de silencio que se gardou ao inicio da sesión, asemade, pon de manifesto a existencia de un erro na expresión do resultado da votación do terceiro punto da orde do día, correspondente á “aprobación inicial da modificación puntual das NNSS. Delimitación do núcleo rural de Albite”, xa que os votos correspondentes a BNG, FLI e máis PSdG-PSOE, non foron abstención, senon votos en contra.

Sométese a votación a aprobación da acta da sesión plenaria celebrada o día 23 de febreiro de 2017 coa corrección indicada polo concelleiro do BNG.

Realizada a votación, a acta corrixida resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes, salvo o concelleiro Xosé Ferreiro, en tanto non asistiu á sesión plenaria cuxa acta se somete a votación.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCIZO 2017

Iníciase o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, polo sr. Alcalde, do seguinte proxecto de orzamento:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Formado o Orzamento Xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio económico 2017 así como, as súas Bases de Execución e o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o informe da Interventora municipal.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Presupuestaria e da Regra de gasto.

Visto o anterior, propón ó pleno a adopción do seguinte acordo, previo Ditamen da Comisión Especial de Contas:

PRIMEIRO: Aprobar o límite de gasto no financeiro regulado no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, para o exercicio 2017 do orzamento do concello de Outeiro de Rei, na contía de 3.300.090,97 €.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Outeiro de Rei, para o exercicio económico 2017, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

CA P.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
	A.- OPERACIONES CORRIENTES		
1	GASTOS DE PERSONAL	1.421.020,07	21,496
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS GASTOS FINANCIEROS	1.930.616,32	29,205
3	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	12.000,00	0,197
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		3.580.872,39	54,169
	B.- OPERACIONES DE		
6	CAPITAL INVERSIONES REALES	3.029.037,45	45,821
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,000
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		3.029.680,76	45,831
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		6.610.553,15	100,000

ESTADO DE INGRESOS

1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.190,00 0,00	18,002
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	60.000,00	0,908
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y	2.515,35	38,051
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		5.548.633,99	
6	B.- OPERACIONES DE CAPITAL ENAJENACION DE	200.000,00	3,025
7	INVERSIONES REALES	861.919,16	13,039
8	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL 16,064		1.061.919,16	
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS 100,000		6.610.553,15	

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e cargos electos con dedicación exclusiva.

CUARTO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2017, as Bases de Execución e Anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

SEXTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia”.

MEMORIA ORZAMENTARIA

A presente memoria ten por obxecto explicar o contido do orzamento xeral do concello de Outeiro de Rei así como as principais modificacións en relación ao orzamento do exercicio anterior, analizando as vertentes de gastos e ingresos.

Estado de ingresos

As previsións do Estado de ingresos fixéronse tendo en conta os datos obtidos do avance da liquidación do exercicio 2016.

Consígnase novamente, tanto pola vertente de ingresos coma de gastos, os créditos necesarios para a xestión do Plan Parcial de A Palloza, xa que se modificou o sistema de actuación, e os proxectos de urbanización atópanse rematados.

A execución real desta previsión dependerá da aprobación, dentro do exercicio orzamentario, do documento de parcelación e da expedición das correspondentes

liquidacións, o que dependerá das incidencias que xurdan dentro da formulación deste documento e do trámite de información pública.

Asemade, consígnase as previsións das transferencias a recibir das distintas administración para os diferentes programas, tal e como se recolle no anexo de transferencias correntes, con un montante de 613.651,21 euros, e no anexo de transferencias de capital, con un importe de 861.919,22 euros, o que supón un importe total de 1.475.570,44 euros.

Con respecto aos ingresos, para concluir, se executará este orzamento cunha rebaixa importante de impostos neste exercicio 2017, no que se reducen impostos tan importantes como:

IBI Urbana, que pasa de 0,50 a 0,45, o que supón un 10% de rebaixa.

IBI Rústica, que pasa de 0,61 a 0,40, o que supón un 30% de rebaixa.

Deducción por domiciliación en IBI e IVTM en recibos domiciliados dun 2%.

Bonificación IAE do 30% para as empresas que se instalen en Outeiro de Rei.

Estado de gastos

Se prevé a ampliación da xornada do posto de arquitecto municipal ao 100% da xornada debido á carga de traballo nos últimos anos no servizo de urbanismo e coordinación de obras municipais.

Se manteñen e potencian a maioría de servizos público, mantendo e aumentando créditos na maioría dos casos.

Aguas, lixo, mantemento vías públicas, cunha forte inversión na súa mellora. Alumeadado público, en expansión constante, servizos sociais, cunha previsión de incremento nas súas partidas orzamentarias. Escola infantil e programas de conciliación familiar, incluso coa previsión dunha forte inversión na ampliación das instalacións de dita escola. Servizos culturais, deportivos, con previsión de importantes ampliacións neste tipo de infraestruturas, saneamento, etc.

Se presuposta un pequeno incremento nas partidas de persoal por se fora posible aplicar alguna subida salarial ao longo do exercicio 2017.

Se prevén importantes partidas orzamentarias na promoción do emprego.

Con respecto ás inversión, detállanse no anexo de inversión. Trátase dunha forte inversión, cun importe total de 1.299.334,79 euros, o que supón un porcentaxe do 19,66 % do orzamento, coa posibilidade incluso de ampliar este capítulo, xa que aínda non coñecemos todas as posibles subvencións doutras administracións.

En relación á débeda pública, redúcese a CERO REAL, o que demostra a eficacia na xestión desta Institución durante una crise profunda pola que pasou o noso país nos últimos anos, ampliando e mellorando ó mesmo tempo os servizos públicos as inversión, e creando riqueza e postos de traballo para os nosos vecinos.

Concluindo:

As previsións recollidas no orzamento de ingresos cínxense estrictamente á liquidación do exercicio anterior, modificándose exclusivamente na medida na que se

modifica o marco normativo regulador de cada recurso e cunhas correccións conservadoras en relación as posibles modificacións dos feitos impositivos.

As previsións recollidas no orzamento de gastos baséanse na austeridade e na eficacia da xestión, co gallo de garantir a prestación dos servizos municipais que se viñan prestando cun bó nivel de calidade.

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2017

TÍTULO I

NORMAS XERAIS E DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS

CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS

Base 1ª. Do orzamento xeral

O orzamento xeral para o exercicio está integrado unicamente polo do propio Concello, que ascende, no seu estado de ingresos a 6.610.553,15 euros e no seu estado de gastos á cantidade 6.610.553,15 euros , aprobándose, polo tanto, equilibrado.

Base 2ª. Ámbito de aplicación.

1.- As presentes Bases de Execución terán a mesma vixencia que o orzamento aprobado para este exercicio.

2.- Se o orzamento tivese que ser prorrogado, estas Bases rexerán, así mesmo, no período de prórroga, coas salvidades referidas no artigo 169.6 do TRLFL (aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo).

3.- As presentes Bases aplicaranse con carácter xeral á execución do orzamento do Concello tendo en conta as particularidades que se detallarán.

4.- O Presidente da Corporación cuidará da execución deste orzamento e de que se observe e cumpra polas Áreas e Servizos correspondentes, con arreglo ás disposicións legais vixentes, os acordos adoptados ou que se poidan adoptar, ás disposicións das Ordenanzas dos diferentes recursos e ás presentes Bases de Execución.

Base 3ª. Estructura orzamentaria e vinculación xurídica dos créditos.

1.- Os créditos incluídos no estado de gastos foron clasificados de acordo cos seguintes criterios:

- a) Clasificación por programas: por áreas de gasto, políticas de gasto e grupos de programas de gasto, os cales se detallan no Anexo I da Orde EHA / 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.
- b) Clasificación por categorías económicas: por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos.

As previsións do estado de ingresos foron clasificadas economicamente por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos.

2.- 2.- A tódolos efectos e dentro de cada vinculación consideraranse creados con dotación de CERO "0" euros todos os conceptos ou subconceptos (carácter aberto) e todos os grupos de programas de gasto normalizados pola Orde de 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais (modificada pola Orde de 14 de decembro), aínda cando inicialmente non figuren no Orzamento.

3.- Con carácter xeral, os niveis de vinculación xurídica dos créditos do estado de gastos, sobre a que se realizará o control fiscal dos mesmos, é a seguinte:

- a) Respecto da clasificación por programas, o área de gasto.
- b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

Base 4ª. Prórroga Orzamentaria.

Se ó iniciarse o exercicio 2018 non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerárase automaticamente prorrogado o presente orzamento, así como as súas Bases de Execución sendo necesario respetar o establecido no artigo 169.6 TRLRFL e 21 do RD 500/90, de 20 de abril.

A determinación das correspondentes partidas do orzamento que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do párrafo anterior, será establecido mediante Resolución da Alcaldía e previo informe do Interventor. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real Decreto 500/1990.

Delégase na Alcaldía a declaración de créditos non dispoñibles (cuxa competencia lle correspondería ó Pleno de conformidade co disposto no artigo 33.5 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril) coa exclusiva finalidade de axustalos créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no Proxecto de Orzamento pendente de aprobación.

Mentras dure a vixencia da prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas na Lei.

Aprobado o Orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

O orzamento xeral da entidade apróbese con efectos de 1 de xaneiro. As modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado consideráanse incluídas nos Créditos iniciais salvo as MC seguintes:

- Incorporación de remanentes
- Ampliacións de crédito.

CAPÍTULO II: MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

Base 5ª. Tipos de modificacións

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente para a finalidade específica para a cal foran autorizados no Orzamento Xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos aprobados teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gasto en contía superior ó importe dos mesmos coa consecuencia de nulidade de pleno dereito dos Acordos, Resolucións e Actos Administrativos que infrinxan a citada limitación, todo elo de conformidade co disposto no artigo 172.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e 25.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O cumprimento das limitacións expresadas no párrafo anterior deberán de especificarse ó “ nivel de vinculación xurídica” que se sinala nas presentes Bases.

1. Cando deba realizarse un gasto que exceda do nivel de vinculación xurídica, sen que exista crédito orzamentario suficiente ou axeitado, tramitarase un expediente de modificación de créditos con suxeición ás particularidades reguladas no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e neste Capítulo.
2. As modificacións de crédito que poderán ser realizadas nos Estados de Gastos do Orzamento Xeral son os seguintes:
 - Créditos extraordinarios.
 - Suplementos de créditos.
 - Ampliacións de crédito.
 - Transferencias de crédito.
 - Xeración de créditos por ingresos.
 - Incorporación de remanentes de crédito.
 - Baixas por anulación.
3. As modificacións orzamentarias axustaranse ao disposto nestas Bases e no non previsto polas mesmas será de aplicación o establecido nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; os artigos 34 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade financeira.

Base 6ª. Órganos Competentes para a aprobación dos expedientes de modificacións de crédito

1.- A Aprobación dos expedientes de crédito extraordinario e suplementos de crédito corresponde, previo informe da Intervención Municipal, ó Pleno do Concello de Outeiro de Rei.

2.- A aprobación dos expedientes de transferencias de crédito corresponde, previo informe da Intervención Municipal:

a) Ao Pleno cando se trate de transferencias de crédito entre distintos grupos de función, salvo que as altas e as baixas afecten a créditos para gastos de persoal.

b) Ao Alcalde, nos seguintes casos:

- Transferencias de crédito para gastos de persoal.
- Transferencias de crédito entre partidas da mesma área de gasto.

As transferencias de crédito conlevarán a creación de novas partidas orzamentarias, se fose necesario.

3.- A aprobación de expedientes de xeración de crédito, de incorporación de remanentes de crédito e ampliacións de crédito corresponde ó Alcalde, previo informe da Intervención Municipal.

4.- Cando o Alcalde considere que o saldo dun crédito é reducible ou anulable sen perturbación do servizo, poderá ordenar a incoación do expediente por baixa por anulación. Corresponderá ó Pleno do Concello a aprobación das baixas por anulación de créditos.

Base 7ª.- Tramitación dos expedientes de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, transferencias de crédito e xeracións de crédito.

1.- A proposta de modificación orzamentaria, asinada pola Alcaldía será remitida á Intervención Municipal, para a emisión do preceptivo informe.

2.- Unha vez emitido o informe pola Intervención municipal, se elevará o expediente ao órgano competente para a súa aprobación.

3.- En caso de que se trate de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito, na Memoria deberán acreditarse, ademais, a inexistencia no Estado de Gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica no caso de crédito extraordinario ou a insuficiencia de saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, no caso de suplemento de crédito. A devandita inexistencia ou insuficiencia deberá verificarse no nivel de vinculación xurídica.

4.- No caso de xeracións de créditos financiadas por achegas realizadas por persoas naturais ou xurídicas, alleamento de bens ou prestación de servizos, acompañarase ademais o documento no que conste o compromiso firme da persoa física ou xurídica na que figure a achega que debe efectuar ou, no seu caso, copia do mandamento de ingreso na Tesourería Municipal.

Base 8ª. Ampliacións de créditos

1.- Terán o carácter de ampliáveis as partidas orzamentarias expresa e taxativamente establecidas como tal nas Bases de Execución do orzamento.

2.- Só poderán declararse ampliáveis aquelas partidas orzamentarias que correspondan a gastos financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito.

3.- O expediente de ampliación de crédito constará dunha memoria explicativa do alcalde ou concelleiro en quen teña delegado e onde constará a partida ou partidas de gasto obxecto de ampliación, o concepto ou conceptos dos ingresos afectados que financiarían a modificación, o importe da mesma, e a certificación ou documento contable acreditativo do ingreso efectivo dos recursos ou recoñecimento en firme dos dereitos afectados. Dito expediente deberá ser informado pola Intervención municipal onde se acredite que no/s concepto/s de ingresos especialmente afectados aos gastos con partidas ampliáveis, recoñecéronse en firme maiores dereitos sobre os previstos definitivamente no Orzamento de Ingresos.

4.-A competencia para a aprobación dos expedientes de ampliación de crédito corresponde ao Alcalde-Presidente.

5.-No orzamento municipal de Outeiro de Rei inicialmente ningún crédito terá a consideración de ampliable.

6.-Se no curso da execución do orzamento municipal de Outeiro de Rei se fai necesario declarar ampliables outros créditos, deberá acordarse unha modificación das presentes Bases, cos mesmos requisitos que para a aprobación do orzamento.

TÍTULO II DOS GASTOS

CAPITULO I- PROCEDIMIENTO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

Base 9ª- Consignación orzamentaria.

As consignacións do Estado de Gastos constitúen o límite máximo das obrigas que se poden recoñecer para o fin a que están destinadas, sen que a mera existencia de crédito orzamentario presupoña autorización previa para realizar gasto algún nin obrigación do Concello a aboalas, nin dereito daqueles a que se refiren a esixir a aprobación do gasto e o seu pago, sen o cumprimento dos trámites de execución orzamentaria.

Base 10ª- Retención de créditos.

1. Cando a Alcaldía, ou ben un Concelleiro delegado dunha Área considere necesario reter, total ou parcialmente, crédito dunha aplicación orzamentaria, de cuxa execución é responsable, formulará proposta razoada á Intervención municipal.
2. Retención de Crédito é o documento que, expedido por Intervención, certifica a existencia de saldo adecuado e suficiente nunha aplicación orzamentaria para a autorización dun gasto ou dunha transferencia de crédito, por unha contía determinada, producindo polo mesmo importe unha reserva para devandito gasto ou transferencia.
3. A suficiencia de crédito verificarase:

En todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito e ao nivel da aplicación orzamentaria contra a que se certifique, cando se trate de retencións destinadas a financiar transferencias de crédito.
4. As Retencións de Crédito expediranse polo Interventor.

Base 11ª- Das fases de execución do gasto.

1. A xestión dos gastos previstos no Orzamento deste Concello realizarase nas seguintes fases:

- Autorización do gasto (fase A).
- Disposición ou compromiso do gasto (fase D).

- Recoñecemento e liquidación da obrigaón (fase O).
 - Ordenación do pago (fase P).
2. É requisito necesario para a autorización do gasto, a existencia de saldo de crédito adecuado e suficiente polo que ao comezo de todo expediente susceptible de producir obrigaóns de contido económico deberá incorporarse ao mesmo o documento de retención de créditos expedido pola Intervención do Concello.

Base 12º - Competencias

En relación coa autorización, disposición de créditos, recoñecemento e liquidación de obrigas, dentro dos créditos orzados, lle corresponde á Alcaldía a autorización e disposición de tódolos gastos, excepto aqueles que a lexislación vixente atribúe ó Pleno da Corporación de Outeiro de Rei e aqueles outros nos que existe un Decreto da Alcaldía ou calquera outra norma legal ou regulamentaria delegando competencias na Xunta de Goberno Local ou nos concelleiros delegados. O recoñecemento e liquidación das obrigas lle corresponde ó Alcalde , excepto naquelas competencias que delegara na Xunta de Goberno Local , ou nos concelleiros delegados, sen perxucio de posteriores delegaciones ou avocaciones aprobadas polos órganos competentes.

Base 13º - Acumulación das fases de execución do gasto

1. Un mesmo acto administrativo poderá abarcar máis dunha das fases de execución do Orzamento de gastos enumeradas na Base 11, podéndose dar os seguintes casos:
 - a. Autorización-disposición.
 - b. Autorización-disposición-recoñecemento da obrigaón.
2. O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se devanditas fases fosen acordadas en actos administrativos separados.

Nestes casos, o órgano que adopte o acordo haberá de ter competencia para acordar todas e cada unha das fases que sexan obxecto de acumulación.

Base 14º - Gastos non sometidos a fiscalización previa.

1.- Non estarán sometidos a fiscalización previa os gastos de material non inventariable, contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondinte ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores que se fagan efectivos mediante o sistema de anticipos de caixa fixa.

2.-A fiscalización exercida pola Intervención Municipal a posterior levarase a efecto sobre todos os extremos contidos nos respectivos expedientes de contratación.

Base 15ª .- Recoñecemento extraxudicial de créditos e convalidacións.

- 1.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.

1.1.- Tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de exercicios anteriores.

Nembargantes, poderán imputarse ó orzamento corrente sen necesidade de tramitar expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, as seguintes obrigas procedentes de exercicios anteriores:

- a) Atrasos a favor do persoal.
- b) Gastos debidamente comprometidos en exercicios anteriores.
- c) Gastos derivados de contratos validamente celebrados, de tracto sucesivo e periódico.

1.2.- O recoñecemento extraxudicial de créditos esixe a existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.

1.3.- A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde ó Alcalde, excepto que non exista dotación orzamentaria, en cuxo caso a competencia corresponderá ao Pleno da Corporación. Non obstante, dita competencia delégase na Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 23.2. do RD Lexislativo 781/1986 TRRL, sempre que con carácter previo se acredite a existencia de crédito dispoñible no exercicio corrente a tenor do disposto no artigo 60 en relación con 26.2.c) do RD 500/90, do 20 de abril.

Co obxecto de manter o equilibrio orzamentario e financeiro do exercicio corrente, o recoñecemento extraxudicial de créditos regulado no artigo 60.2 .do RD 500/90, do 20 de abril, precisará a previa incoación dun expediente no que se poña de manifesto a efectiva realización do servizo ou entrega do subministro, a corrección dos documentos xustificativos, e a acreditación da dotación efectiva de recursos para o seu financiamento. Igualmente deberá incoarse expediente de modificación de crédito, cando elo sexa preciso en función dos saldos dispoñibles na correspondente bolsa de vinculación xurídica.

1.4.- O expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos deberá conter como mínimo:

- Factura detallada da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do Servizo e, no seu caso, certificación de obra.
- Informe da Intervención Municipal
- Calquera outro documento que se considere necesario para unha mellor estimación.

2.- Entenderase por práctica administrativa contable:

-Dentro das consignacións do orzamento do exercicio anterior (sempre que exista dotación orzamentaria), ou ben do exercicio corrente, poderán recoñecerse obrigas polo importe das facturas de subministracións e servizos da fin do ano anterior que habitualmente se presentan a principios do exercicio seguinte, sen necesidade de acudir ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

-As facturas que teñan a súa entrada no Rexistro Xeral do concello ou ben a través do FACE durante a última quincena de decembro, poderán aprobarse no mes de xaneiro do exercicio seguinte, efectuando o correspondente recoñecemento de obrigas con cargo aos créditos orzamentarios o exercicio anterior.

Base 16 .- Documentos que xustifican o recoñecemento da obriga.

Todo acto de recoñecemento de obrigas debe levar unido o documento acreditativo da realización da prestación ou do dereito do acredor, debidamente conformado, segundo a natureza do gasto. A tais efectos consideráanse documentos xustificativos:

- a) As nóminas (A inclusión dun traballador na nómina mensual suporá que polo Alcalde ou polo Concelleiro responsabel da área á que está adscrito o traballador, acredítase que o devandito traballador prestou efectivamente os seus servizos no período que retribúe a nómina).
- b) Os documentos correspondentes para as dietas e gastos de viaxe que se derivan para asistencia a cursos, xornadas ou comisións de servizo.
- c) No resto de gastos, a factura debidamente emitida ou documento equivalente, e, en todo caso, deberá achegarse a aquela a certificación da obra, cando proceda.

Base 17ª- Tramitación previa ao recoñecemento de obrigas.

1. Toda factura que se presente no concello para o seu cobro deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:
 - c. Número e, no seu caso, serie.
 - d. Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
 - e. Denominación social, número de identificación fiscal do destinatario.
 - f. Descrición do obxecto do contrato, con expresión do servizo a que vaia destinado.
 - g. A base imponible, o tipo tributario, a cota repercutida e a contraprestación total [prezo do contrato].
 - h. Lugar e data da súa emisión.
 - i. A Sección, Área ou Departamento que encargou o gasto.
2. Recibidas as facturas ou documentos equivalentes no Rexistro Xeral do Concello, ou no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas (FACE), trasladaranse á Área xestora de gasto, ao obxecto de que poidan ser conformadas coa sinatura do funcionario ou persoal responsable, e, en todo caso, polo Alcalde, implicando devandito acto que a prestación foi efectuada de acordo coas condicións contractuais.
3. Unha vez conformadas e asinadas as facturas ou documentos equivalentes, trasladaranse á Intervención municipal a efectos da súa fiscalización, contabilización e posterior aprobación polo órgano competente, nos casos que proceda, e o seu posterior pago.
4. Excepcionalmente, autorízase o pago en conta bancaria das facturas ou documentos equivalentes correspondentes a:
 - j. Tributos.
 - k. Gastos financeiros e amortizacións de préstamos concertados e vixentes.
 - l. Seguridade social.

Base 18ª.- Exclusiones das obrigas de facturar electrónicamente e determinación dos códigos dir3.

Todos os provedores que teñan entregado bens ou prestado servizos a este concello poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda, tal e como dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, as entidades seguintes:

- Sociedades anónimas.
- Sociedades de responsabilidade limitada.
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- Unións temporais de empresas.
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co referido artigo, estarán excluídas da obriga de facturar electrónicamente este Concello as facturas de ata un importe de 5.000,00 € impostos incluídos.

Igualmente quedan excluídas das facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que as devanditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servizos.

Os códigos DIR3 deste Concello, de acordo coa súa estrutura son:

CÓDIGO DA ENTIDADE Ayuntamiento de Outeiro de Rei	L01270399
CÓDIGO DA OFICINA CONTABLE	L01270399
CÓDIGO DO ÓRGANO XESTOR	L01270399
CÓDIGO DA UNIDADE DE TRAMITACIÓN	L01270399

Base 19ª .- Cesións de Crédito: Endosos.

1. Toda obriga recoñecida a favor de terceiros por este Concello, poderá ser endosada, de acordo coa lexislación vixente.

2. O endoso procederá unha vez os documentos xustificativos da obriga cumprisen os trámites que para o Recoñecemento de Obrigas é establecido nas Bases anteriores.
3. No suposto de que o contratista ceda o dereito de cobro de facturas debidamente aprobadas, o Endosante ou Cedente virá obrigado a notificar fidedignamente o acordo de cesión mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello, debendo entregar 3 exemplares orixinais da certificación de obras, no seu caso, e factura correspondente, coa dilixencia de endoso debidamente asinada e selada polo cedente e cesionario.
4. Recibida a notificación do endoso, procederase polo órgano de contabilidade a comprobar a lexitimade das sinaturas e da operación e a efectuar dilixencia de toma de razón do endoso.

Base 20º .- Do Pago das Obrigas.

A relación de pagos é competencia do alcalde, que se acomodará ó Plan de disposición de fondos establecidos, o cal recollerá necesariamente a prioridade dos gastos de persoal, das obrigas contraídas en exercicios anteriores e dos gastos con financiamento afectado.

O pago material realizarase , con carácter xeral, mediante transferencia bancaria, que deberá estar autorizada polos tres claveiros(Alcalde-Presidente, Interventor e Tesorero municipais). Poderá utilizarse o pago por cheque con carácter excepcional. O cheque deberá ser firmado polos tres claveiros e deberá ser nominativo a favor do acreedor directo da Administración municipal, o cal deberá demostrar a súa identidade coa presentación do D.N.I., e , no seu caso, dos poderes outorgados no caso de tratarse dunha persoa xurídica.

Base 21º - Axudas de custo e gastos de viaxe. Asistencia a sesións e reunións.

1.- Os gastos de locomoción e as axudas de custo, do persoal ao servizo do concello de Outeiro de Rei, que se produzan como consecuencia de desprazamentos por Comisións de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, o seu Presidente ou outros órganos competentes, serán aboados trala presentación de xustificantes de conformidade co establecido polo Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e outras disposicións legais que o modifiquen,

2. As contías das indemnizacións, de conformidade con esta regulación básica, serán, en resumo, as seguintes:

AXUDAS DE CUSTO EN TERRITORIO NACIONAL			
	Aloxamento	Manutención	Axuda de custo enteira
Grupo 2 (A e B)	65,97 €	37,40 €	103,37 €
Grupo 3 (C,D e E)	48,92 €	28,21 €	77,13 €

C.S. menor/igual a 1 Día. (Requisitos: C.S: +/- 5horas, que se inicie antes 14.00 p.m. e finalice despois 16.00 p.m.)		50% s/ grupo	100% si finaliza despois das 22:00 e xustifica e cea
C.S.menor/igual 24h. entre 2 días	1 día	Función saída/regreso	
INDEMNIZACIÓN GASTOS VIAXE			
Vehículo propio		0,19 €/km automóbil	0,078€/km moto
Outro transporte	Segundo factura		
Gastos aparcamento vehículo propio		Segundo tique	
Gastos peaxe autoestrada e parking		Segundo recibo	
Asistencias Tribunais oposicións/ selección persoal; colaboración NON permanente, NON habitual en cursos formación; asistencia a órganos colexiados e Consellos de administración. (límite 20% anual sobre as retribucións anuais)			
	CATEG. 1ª (A)	CATEG. 2ª (B- C)	CAT.3ª(D-E)
Presidente e Secretario	45,89 €	42,83 €	39,78 €
Vocais	42,83 €	39,78 €	36,72 €

3.- O procedemento de cobro das axudas de custo, será trala presentación do documento -ante a intervención Municipal- , que deberá levar o Visto e prace do Concelleiro que autorizou a comisión no caso do Persoal e do Alcalde, en caso dos Concelleiros. Será asinado polo Alcalde. Con esta solicitude achegaranse os documentos xustificativos do gasto efectuado.

4.- O importe das axudas de custo e gastos de locomoción dos membros de Corporación será o determinado nos correspondentes acordos plenarios.

Base 22º - Gastos plurianuais

1. Son gastos de carácter plurianual aqueles que estenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen e comprometan.
2. A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que para cada exercicio sexa consignado nos respectivos Orzamentos (artigo 174.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo).
3. Poderán adquirirse compromisos de gastos con carácter plurianual sempre que a súa execución sexa iniciada no propio exercicio e que, ademais, se atopen nalgún dos supostos incluídos no artigo 174.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que se detallan a continuación:

- a) Inversións e transferencia de capital.
 - b) Os demais contratos e os de subministración, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas do Texto Refundido da lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño, que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.
 - c) Arrendamentos de bens inmoables.
 - d) Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos.
 - e) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas corporacións locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.
4. O Pleno poderá aprobar gastos plurianuais que deban executarse en períodos superiores a catro anos ou cuxas anualidades excedan das contías establecidas na lexislación vixente.
5. Corresponde ao Alcalde-Presidente a autorización e disposición dos gastos plurianuais, cando a contía do gasto non sexa superior ao 10% dos recursos ordinarios do Orzamento, nin en calquera caso a seis millóns de euros, e a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do Orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
6. Corresponde ao Pleno da Corporación a autorización e disposición dos gastos plurianuais nos demais casos

CAPÍTULO II: ACHEGAS NOMINATIVAS

Base 23ª – Achegas nominativas:

1.-Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, e dada a dificultade de promover un procedemento de concurrencia competitiva por tratarse de actividades de características tales que non existe máis ca un posible suxeito beneficiario no termo de Outeiro de Rei, poderanse outorgar subvencións polos importes máximos expresados as seguintes entidades:

- Coto de caza Paz (414.48): 91 euros.
- Coto de caza Outeiro (414.48): 451 euros.
- Coto de caza Vicinte (414.48): 271 euros.
- Coto de caza Santa Isabe (414.48): 1.623 euros.
- Subvención festas patronales, a razón de 500,00 euros por cada parroquia (338.48): 13.000 euros.
- Festas patronales de Outeiro de Rei (338.48): 1.000 euros.
- Asociación de lucha contra el cáncer (231.48): 300 euros.

- A.D.S.G Santa Isabel(414.48): 10.000 euros.
- IES Río Miño (324.48): 400 euros.
- Escudería Miño Rallye C. Lugo (341.48): 6.000 euros.
- Sociedad Deportiva Matela (341.48): 3.000 euros por participar en 2ª rexional e 500 euros pola copa.
- Sociedad Deportiva de Outeiro de Rei (341.48): 15.000 euros por participar en 1º rexional, 2000 euros pola copa, e 3.000,00 polo equipo filial.
- Fútbol Sala Santa Isabel (341.48): 4.000,00 euros
- Asociación musical Mestre Crisanto (334.48): 18.000,00 euros
- Fundación Amigos de Galicia (231.48): 2.000,00 euros.
- Avifauna (172.48): 2.000,00 euros.

2.-Establécese unha partida de 10.000 euros para o outorgamento de subvencións nominativas de outorgamento directo non previstas no presente anexo. O seu outorgamento terá carácter excepcional, deberá acordarse na Xunta de Goberno Local e unicamente procederá en supostos de imposible previsión nas datas de elaboración do orzamento, e xustificando debidamente a improcedencia da apertura dun procedemento de concurrencia competitiva. O outorgamento destas achegas deberá publicarse no taboeiro de edictos do Concello.

3.-Dispónse unha partida de 50.000,00 euros (336.48), en concepto de subvencións a distribuír pola Xunta de Goberno Local para a reparación de igrexas parroquiais e bens patrimoniais culturais:

Neste caso, o concello aboará directamente con cargo á partida indicada as facturas correspondentes aos gastos de reparación subvencionados.

4.- Establécese unha partida de 10.000,00 euros para a concesión de subvencións de emerxencia social, que se concederán previo informe favorable da traballadora social.

5.-Asignacións a grupos políticos municipais:

Estabrécese unha asignación económica aos grupos políticos municipais consistente nunha cantidade fixa de 500 euros/ano, e outra variable, de 1000 euros/ano por cada concelleiro integrante do grupo político. Ditas contías se farán efectivas mediante transferencia bancaria á conta aberta a nome de cada grupo político.

CAPITULO III - PAGAMENTOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Base 24º - Pagamentos a xustificar

1.- Non se poderán expedir ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga a que a mesma se refira. Con todo e con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pagamento “a xustificar”, que deberán seguir as seguintes normas:

2.- A expedición e execución de ordes de pagamento “a xustificar” deberá efectuarse logo da aprobación pola Alcaldía- Presidencia da autorización e disposición do

gasto, achegándose unha solicitude da concesión do mesmo antes da ordenación do pago e informe da Intervención. Estas ordes non poderán ser superiores ós 3.000 €. Os fondos librados ó receptor poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente aberta para tal efecto, ou ben entregándose en efectivo ou por cheque nominativo ó receptor.

3.- No prazo de tres meses, os receptores haberán de remitirle a Intervención os documentos xustificativos do pagamento, reintegrando as cantidades non investidas. A forma e contido da xustificación axustarase ás seguintes normas:

- a) Os fondos unicamente poderán destinarse á finalidade para a cal se entregaron.
- b) Os comprobantes deberán ser documentos orixinais, correctamente expedidos, que reúnan os requisitos expresados na expedición de facturas que se regulan nestas Bases.

A conta xustificativa destes gastos, logo de que emita un informe intervención, deberá someterse á aprobación da alcaldía-Presidencia.

Cando non sexa xustificada a totalidade dos fondos recibidos procederase ó reintegro dos fondos percibidos en exceso, acompañando a esta conta xustificante do ingreso efectuado.

De non renderse a conta no prazo de tres meses, procederase a instruír expediente de alcance contra o receptor de fondos librados “a xustificar”, de conformidade co disposto na Lei orzamentaria.

5.- Non se poderán expedir novas ordes de pagamento “a xustificar” cando o receptor teña pendente de xustificar fondos librados de este carácter.

TITULO III

LIQUIDACION DO ORZAMENTO

Base 25º - Operacións previas no estado de Gastos

1.- Á fin do exercicio, verificarase que tódolos acordos municipais que implican recoñecemento da obriga teñen o seu reflexo contable en fase "O".

En particular, as subvencións concedidas cuxo pago non fora ordeado ó final do exercicio, contabilizaranse en fase “O”, aínda cando a efectiva percepción dos fondos esté condicionada ó cumprimento de algúns requisitos.

2.- Os servizos xestores solicitarán ós contratistas a presentación de facturas dentro do exercicio. Sen prexuízo do cal, verificarase o estado de determinados gastos por consumos ou servizos imputables ó exercicio e dos que o recoñecemento de obrigas non chegara a formalizarse por non dispoñer a 31 de decembro da factura correspondente.

Cando sexan gastos correntes e obre informe do Servizo xestor xustificando que tivo lugar a adquisición ou servizo, as facturas a recibir terán a consideración de documento O.

3.- Os créditos para gastos que no último día do exercicio non están afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados, sen máis excepcións que as derivadas dos puntos anteriores da incorporación de remanentes.

Base 26º - Operacións previas no estado de Ingresos

1.-Tódolos cobros existentes ata 31 de decembro serán aplicados no orzamento que se pecha.

2.-Verificarase a correcta contabilización do recoñecemento de dereitos en tódolos conceptos de ingreso.

Base 27º - Peche do Orzamento.

1.-O peche e liquidación dos orzamentos municipais do concello de Outeiro de Rei efectuarase con efectos do 31 de decembro.

2.-A liquidación do orzamento do Concello será aprobada polo Alcalde, dando conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Base 28º - Remanente de Tesorería.

1.- Estará integrado pola suma de fondos líquidos, e dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pago e os dereitos que se consideren de difícil recaudación.

2.-A efectos da liquidación do orzamento, sen que en ningún caso implique a súa anulación nin baixa en contabilidade, declararásen de difícil ou imposible recadación os dereitos pendentes de cobro que resulten de aplica-las seguintes porcentaxes:(Art. 193 T.R.L.R.H.L.)

a) *Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.*

b) *Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.*

c) *Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75 por ciento.*

d) *Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento*

TITULO IV.- DO PERSOAL MUNICIPAL

Base 29º - Nóminas.

1.- O pagamento de toda clase de retribucións aos funcionarios e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual. A inclusión dun traballador na nómina mensual suporá que polo Alcalde ou Concelleiro responsable da área á que está adscrito o traballador, acredítase que o devandito traballador prestou efectivamente os seus servizos no período que retribúe a nómina..

2.-Acompañarase ás nóminas un parte de variacións habidas na mesma con relación ó mes anterior para a súa debida fiscalización.

3.- O pagamento dos haberes efectuarase mediante transferencia á conta e entidade indicada polo perceptor dos mesmos.

Base 30.-Complemento das prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social e o persoal laboral nas situacións de incapacidade temporal.

Complementarásen as prestacións por incapacidade temporal que correspondan ao persoal funcionario ao seu servizo incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social conforme ás seguintes regras:

a) Nos casos de continxencias profesionais e continxencias comúns que xeneren hospitalización ou intervención quirúrxica, así como nos de enfermidade grave, abonarase un complemento ata alcanzar o cen por cen das retribucións desde a data de inicio da situación de incapacidade temporal.

b) Nos casos de enfermidade común non grave ou accidente non laboral, o complemento calcularase do seguinte xeito:

– Desde o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive abonarase un complemento ata alcanzar o cincuenta por cento das retribucións.

– Desde o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive abonarase un complemento ata alcanzar o setenta e cinco por cento das retribucións.

– A partir do día vixésimo primeiro aboarase un complemento ata alcanzar o cen por cen das retribucións básicas e complementarias.

Base 31.-Productividade.

O reparto do complemento de produtividade ao personal funcionario e laboral farase mediante resolución de Alcaldía, que se baseará nos seguintes criterios:

* Especial dilixencia, rendemento, adicación e iniciativa no desempeño do posto de traballo.

* Realización de traballos extraordinarios ós propios do contido do posto.

TÍTULO V:CONTROL E FISCALIZACIÓN.

Base 32: Exercicio da Función Interventora.

O exercicio da función fiscalizadora será exercida polo Interventor/a do concello.

A función desempeñárase en cumprimento do disposto no artigo 92.3 b) da Lei 7/85, artigos 213 e seguintes do Real Decreto 2/2004, Lei 38/2003, R.D. 1174/1987, e demais normativa concordante.

Para o exercicio das súas funcións o órgano interventor poderá requirir a documentación, aclaracións e informes que considere necesarios, en virtude do establecido no artigo 222 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Base 33.- Ámbito de Aplicación

A función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos do Concello que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigas ou gastos de contido económico, os ingresos e pagos que daqueles se deriven, e a recadación, investimento e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión sexa axustada ás disposicións aplicables en cada caso (artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Enténdese que a Intervención ten coñecemento dun expediente, cando lle foi remitido para fiscalizar, non tendo este significado a presenza da Intervención nun órgano no que se adopte un acordo con omisión de fiscalización.

O exercicio da expresada función comprenderá:

- o A intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos e obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores.
- o A intervención formal da ordenación do pago.
- o A intervención material do pago.
- o A intervención e comprobación material dos investimentos e da aplicación das subvencións.

Base 34.- Modalidades de Fiscalización do Expediente

Se no exercicio da función interventora o órgano interventor manifestácese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, formulará os seus reparos de legalidade antes da adopción do acordo ou resolución (artigo 215 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo).

Cando a desconformidade sexa referida ao recoñecemento ou liquidación de dereitos a favor das entidades locais ou os seus organismos autónomos, a oposición formalizarase en nota de reparo que, en ningún caso, suspenderá a tramitación do expediente (artigo 216 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo).

Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente até que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

- a) Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.

c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

Base 35. Discrepancias

Cando o órgano a que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

No entanto o disposto no apartado anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Baséense en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

b) Refíranse a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

Base 36.-. Normas de Fiscalización Previa do Gasto

Nos termos indicados no apartado segundo do artigo 219 do Texto Refundido da Lei Reguladora de facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a fiscalización previa limitarase a comprobar os seguintes extremos:

— A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto e obrigación que se propoña contraer. Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, que se cumpre o preceptuado na normativa vixente.

— Que as obrigacións ou gastos xéranse por órgano competente..

As obrigas ou gastos sometidos á fiscalización limitada a que se refire o apartado 2 do artigo 219 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría, co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao do cumprimento da legalidade na xestión dos créditos.

Base 37. Fiscalización de ingresos.

A fiscalización previa dos dereitos queda substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade municipal.

Base 38 .-Fiscalización das Devolucións de Ingresos Indevidos

Nas devolucións de ingresos indevidos comprobarase que o control inherente á toma de razón en contabilidade verificou que o acordo de devolución ditouse polo órgano competente e que a imputación orzamentaria foi adecuada. Ademais, verificarase:

o A execución da devolución axustouse ao recoñecemento do dereito á mesma.

o O ingreso efectivamente foi realizado e non fose obxecto de devolución anterior.

- o Que o pago foi realizado a perceptor lexítimo e pola contía debida.

Base 39.- A comprobación material das obras, servizos ou subministracións.

1.- Con carácter xeral, para os efectos de comprobación material dos investimentos, obras, servizos e subministracións, o Interventor municipal delega as súas funcións nun técnico municipal competente por razón da natureza da prestación, esixindo que asine o documento xustificativo (factura, certificación de obra).

2.- Con carácter excepcional, cando existan circunstancias que o aconsellen, o Interventor municipal realizará persoalmente a comprobación material dos investimentos, no momento da recepción da obra, servizo ou subministración.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- Para o non previsto nestas Bases de Execución, así como a resolución de dúbidas, estarase ó que establece con carácter xeral a vixente lexislación sobre réxime local, as leis xerais Orzamentaria e Tributaria, e demais normas do Estado que sexan de aplicación.

Segunda.- Corresponde ó Presidente da Corporación, tralo informe do Secretario ou Interventora, segundo a materia da que se trate, a resolución de cantas cuestións xurdan na interpretación das presentes Bases”.

Fai fincapé o feito de que, a día de hoxe, o Concello non ten débeda algunha a largo prazo, polo que é un concello con débeda cero, e mantendo un nivel de calidade dos servizos aceptable.

Por outra banda, este orzamento acada o equilibrio a pesares da baixada do impostos para os veciños do 10% no IBI urbana e do 20% do IBI rústica, e unha bonificación do 30% para as empresas que se instalen no concello durante os dous primeiros anos.

Os concelleiros teñen os orzamentos dende fai dúas semanas, polo que os concelleiros tiberon tempo de sobra para estudialos.

O Concelleiro do BNG recorda que o TRLHL establece a obriga do Alcalde de remitir ao Pleno do Concello o proxecto de orzamento antes do día 15 de outubro do ano anterior, para a súa aprobación definitiva antes do 31 de decembro. Neste concello se está a incumprir sistemáticamente este prazo, sometendo a aprobación o proxecto ben entrado o ano ao que corresponde.

Por outra banda, o Concelleiro afirma que, segundo a súa intervención, o estudo e exame de todas as contas corresponde á Comisión Especial de Contas, e non a Comisión Informativa de asuntos do Pleno.

Asemade, enumera a documentación que debe acompañar ao orzamento segundo dispón o artigo 168 TRLHL, e advírtese que no presente caso non se dispón da liquidación do orzamento do ano 2016, tal e como esixe este artigo.

Tamén afirma que o Informe de Intervención relativo ao cumprimento da regra de gasto advirte do incumprimento da regra de gasto, polo que se pregunta se ten a intención de aprobar un plan económico-financieiro ou se prente deixar sen executar algunha partida do presente orzamento de gastos.

No informe económico-financiero, alúdese que os investimentos reais de gastos é de 3.000.000 euros, e que aquí se inclúe un importe aproximado de 1.500.000 para a execución da urbanización da Palloza. Se ben a orzamentación das obras de urbanización de A Palloza non afectan ao resultado orzamentario nin a estabilidade orzamentaria, están a ser utilizadas ano tras ano para maquillar o importe total do orzamento, inflándoo, e cabe preguntar porqué se infla esta partida orzamentaria. Tal vez será para poder ter algún beneficio carón á obtención de achegas ou por outro motivo.

A voceira do grupo FLI fai referencia a que non foron convocados de xeito formal á Comisión Informativa, senón que se enteraron da convocatoria de casualidade. Agradecen que acudise á Comisión informativa a Interventora, xa que é a única técnica que pode respostar ás preguntas técnicas que poden formular os membros da corporación. Tamén fai referencia a que antes da convocatoria de esta sesión emitíuse outra convocatoria que non respectaba os prazos legais, polo tanto, o prazo do que dispuñemos para estudar o orzamento non foi voluntario, senón que o Alcalde viuse obrigado a elo.

Tamén pon de manifesto que non se dictou un acto que resolvese de xeito expreso o recurso contra a convocatoria da Alcaldía da sesión plenaria, e recorda que a impugnación se dirixía ao Pleno, polo que entende que debería ser o Pleno quen a resolvese.

Entrando no fondo do asunto, advierte que os orzamentos incumpren a lei totalmente, xa que é totalmente incomprendible que se aproben os orzamentos antes de aprobar a conta xeral do exercizo 2016. Isto é algo que non lles parece lóxico. Tamén fai referencia ao incumprimento da obriga de presentar os orzamentos antes do 31 de decembro de 2016.

No que atinxe á baixada de impostos á que aludiu o sr. Alcalde, a voceira de FLI asevera que non conta toda a verdade, xa que o custe da recadación municipal acadaba o 1% coa Deputación Provincial e agora contraou unha empresa que cobra o 3% da recadación, ao que debe engadirse outros custes asociados, coma os 7.500 euros polo trasvase da información tributaria da Deputación a dita empresa, polo que o resultado é que, por un lado maquilla unha suposta baixa de impostos e, polo outro, incrementa os custes da recadación.

Para rematar, afirma que a Memoria é ilegal e que nela afírmanse cousas que non son certas, coma o incremento do servizo; no Anexo de investimentos ven unha serie de irregularidades. En relación con este Anexo, pregunta polo circuito de seguridade de Robra, cun orzamento de 205.000 euros. Este tema tratouse no pleno de outubro de 2016. Este tema non está regularizado, xa que a realidade física non se axustaba coa realidade xurídica, polo que non procede a súa inclusión. E advirte que figura como Monte Comunal de Robra na Xunta de Galicia.

O Alcalde, tras haber formulado varias apelacións a que a voceira rematara pola duración da súa intervención, retíralle a palabra á voceira.

Toma a palabra a voceira do PSdG-PSOE, que afirma que lle sobran minutos pero lle falta documentación.

Afirma que, ano tras ano, a urbanización de A Palloza está a decorar os orzamentos.

Tamén pregunta cál é a carga de traballo que xustifica a ampliación da xornada da arquitecta municipal, xa que non se explicita se hai máis ou menos licencias, ou qué proxectos municipais están a executarse que requiran de esta ampliación de xornada.

O tema da baixa de impostos agocha un incremento dos custes de recadación, xa que agora se está a pagar o 3% a unha empresa cando a Deputación presta o servizo polo 1%. Isto chama a atención xa que, cando a Deputación cobraba o 6% da recadación o Concello estaba no convenio e, agora que rebaixou a prima de cobro ao 1%, o abandona. Hai que calcular cántos cartos pérdense con esta xestión.

Prevéanse 50.000 euros en subencionar o arranxo de Igrexas Parroquiais, e non está de acordo con esto e considera que se deberían buscar outras canles de financiamento, pero non a custa dos veciños de Outeiro de Rei, e cando existen outros servizos prioritarios, coma os Servizos Sociais.

Tampouco pode apoiar o investimento na pista de Karts, xa que gastar 205.000 euros en este proxecto é esaxerada, e pregúntase se é necesario para o Concello este circuito ou porqué é convinte. Pregunta se é empregado pola meirande parte da veciñanza ou soamente polo 1% dos veciños.

Por outra banda, no anexo de investimentos se prevé a construción de unha pista de atletismo no polígono industrial, cando xa existe unha en Robra.

No referente ao polideportivo de Guillar, para o que existe unha partida de 30.000 euros, pregúntase qué se vai facer realmente, xa que é imposible construír un polideportivo por 30.000 euros.

O Alcalde afirma que teñen toda a documentación e que non é certo que carezan dela. Por outra banda, non é certo que o ofrecemento de unha semana máis fora imposta, xa que dende o xoves, corenta e oito horas rematarían o martes, non o xoves.

O da Palloza xa o explicou máis de unha docena de veces, e recorda que o Concello quere rematar a urbanización de común acordo cos propietarios afectados. Por tal motivo, a instancias de eles, o Concello cambiou o sistema de actuación a cooperación, en base ao cal o Concello redactou os proxectos de urbanización e en base ao cal o Concello está obrigado a consignar orzamentariamente os custes de urbanización. Non obstante, os representantes dos propietarios trasladaron ao Concello a súa vontade de xestionalo directamente por compensación, motivo polo cal o Concello paralizou a súa xestión á espera de que os propietarios formalizaran esta decisión. Pero como isto non avanzaba, e logo de varios anos, fai uns días os propietarios voltaron a trasladar ao concello a súa vontade de que fose o Concello quen se faga cargo da xestión.

No que atinxe á recadación, cuestión do que se falou varias veces neste Pleno. É certo que custa algo máis, pero os servizos non son os mesmos, xa que os veciños teñen unha atención directa da que carecían antes, e que foi especialmente valiosa este ano coa revisión catastral. E tamén debe valorarse o impacto económico do contrato na recadación executiva, xa que se estaban a perder anualmente cantidades enormes de cartos pola deficiente xestión da Deputación.

En relación ao circuito de Robra, informa que existe un proxecto técnico redactado que prevé a construción de un circuito de seguridade, que ten por obxecto a realización de actuacións de formación en seguridade vial e que tamén servirá para actividades deportivas en karts.

En relación á pista polideportiva de Guillar non é un polideportivo, senón unha pista descuberta.

Afirma, en resposta ás afirmacións da voceira de FLI, previa consulta ao Secretario, que os concelleiros foron convocados á Comisión Informativa con suficiente antelación, polo que cumpre a lei.

Dí non comprender cómo, sendo xurista, pode afirmar que a Conta Xeral do ano 2016, debe aprobarse antes que o orzamento do 2017, xa que a Conta Xeral de 2016 dí a Lei que débese aprobar en outubro do ano seguinte (2017), mentres que os Orzamentos antes do 31 de decembro do ano anterior (2016).

En relación á afirmación dos concelleiros do BNG, que alegan retraso na presentación dos orzamentos, como xa expuso en ocasións anteriores, o sistema de financiamento municipal está profundamente vencellado ás transferencias de outras Administracións, e o importe de estas transferencias non se coñece senón cando estas Administracións aproban os seus orzamentos e, en moitos casos, cando comencian a executalos. De feito, hoxe, a 1 de xuño, aínda non coñecemos todas as aportacións. Se os orzamentos se formularon a 31 de decembro, non estaríamos en condicións de prever practicamente nada (nin o Plan Único da Deputación, por poñer un exemplo).

O voceiro do BNG asegura que a Lei esixe que os orzamentos se aproben antes do 31 de decembro do ano anterior, motivo polo cal se infrinxiu a lei. Con este retraso se está a perder un tempo precioso na execución dos orzamentos e sen xustificación algunha, xa que outras Administracións que aproban os orzamentos fora de prazo (coma a Deputación), débese a que necesitan negociar, o que non é o seu caso.

Tamén fai referencia a que na providencia de inicio faise referencia ao ditame da Comisión Especial de Contas, non á Comisión Informativa. E tampouco contou coa oposición para nada, xa que non consultou nin os escoitou en ningún momento.

Da Palloza asegura que se trata dun claro exemplo de mala xestión urbanística.

Tamén fai referencia a que, se a día de hoxe se incumple a regra de gasto, a final de exercicio é razoable pensar que tamén se incumprirá.

En relación á liquidación do exercicio anterior, ésta puxo de manifestó un grado de execución orzamentaria de soamente o 67%, o que ten moito que ver coa Palloza.

Seguen sen atenderse moitos servizos necesarios, e cando na memoria se fala da calidade dos servizos, non se concreta en ningures cómo isto afecta ao servizo de auga, ou si se vai ampliar a frecuencia ou puntos de recollida do lixo, ou en saneamento, para o que non existe partida, ou do Centro de Día, que segue sen consignación municipal, o mesmo que sucede con unha piscina municipal.

Tampouco existe partida algunha para paliar a suba do IBI aos veciños, ou a creación de unha renda municipal básica. Non aparece ningunha partida para promoción do emprego, a pesares do anuncio da memoria da Alcaldía.

En relación ao patrimonio histórico, advírtese a consignación de unha partida de 50.000 euros, se ben adícase unicamente a bens da Igrexa. Pola contra, afirma na memoria que se adican a bens patrimoniais e culturais, bens que van máis aló das Igrexas parroquiais.

A pista de seguridade de Robra é a segunda partida máis abultada trala Palloza, cando sería máis necesario levar o saneamento as parroquias que carecen de este servizo.

A voceira do PSdG-PSOE pregunta qué tipo de chan está previsto para a pista polideportiva de Guillar. O tema da Palloza non sería tal se, no seu momento, o Concello houbera esixido ao promotor o aval suficiente para garantir a execución das obras.

O circuito de seguridade, con preto de 205.000 euros, é unha obra faraónica cando existen outras necesidades.

A voceira de FLI califica de falla de respecto o tratamento do debate dos orzamentos, privando aos concelleiros do tempo necesario para o estudio e para o debate.

Afirma que o Concello incumpre a legalidade, e non ten razón de ser o retraso na súa presentación, xa que os orzamentos son estimativos nos ingresos e limitativos no gasto.

Insiste no feito de que o circuito de seguridade de Robra non está regularizado, e por riba prevese unha partida de 205.000 euros, cando existen outras necesidades prioritarias.

Fai referencia a que no orzamento existen varias partidas xenéricas como “traballos realizados por outras empresas”, que suman máis de un millón de euros. ¿Pero isto qué é? ¿De qué? ¿A qué se refiren?. Ou propaganda por 9000 euros, o que lle parece excesivo, ou a partida para recursos contenciosos – administrativos de 15.000 euros.

Remata demandando que o Alcalde presente un orzamento que prevea unha inversión axeitada ás necesidades reais dos veciños.

O Alcalde, trala intervención dos Concelleiros, enumera a relación de investimentos contemplados no proxecto de orzamento, e que implican un investimento total de 1.299.334,79 euros sen ter en conta a urbanización de A Palloza, o que non lle parece moito, pero que resiste a comparación con calquer concello do seu tamaño, e todo isto con débeda cero e con baixada de impostos.

Con este escenario, non lle extraña que se limiten a falar de si se presenta tarde ou de outros temas legais xenéricos e se chegar a concretar.

No relativo aos Servizos Sociais este concello gasta 250.000 euros, e este ano pervese un investimento de 200.000 euros na ampliación da Escola Infantil, que é investimento en servizos sociais.

As partidas denominadas “traballos con outras empresas” é totalmente lóxica, xa que o concello traballa con moitas empresas para prestar os servizos aos cidadáns.

A partida de 250.000 euros non se refire aos enganches de auga, senón ao consumo de auga, que é ben distinto.

A partida de lixo é similar ao do ano pasado e o servizo será o mesmo, ampliando puntos de recollida onde é necesario, xa que existe algún punto conflictivo pola conducta incívica de algunha persoa. Non obstante, non se incrementarán con carácter xeral os puntos de recollida, xa que os existentes son suficientes e ningún veciño se queixa da contenerización actual. Claro que poden poñerse máis puntos de recollida, pero a costa de incrementar a taxa.

En resposta á afirmación da voceira de FLI respecto das fallas de respecto, non pode confundir falla de respecto con falla de acordo, e recórdalle que ten toda a liberdade para falar dentro das regras que deben seguirse en todo debate.

No que se refire a que non se da participación aos membros da oposición, recorda que os orzamentos se fan de acordo cos veciños, non cos concelleiros da oposición, que o que deben facer é presentar alegacións ou propostas. Pero non pode esquecer que a responsabilidade de facer os orzamentos a outorgou a veciñanza ao actual equipo de goberno.

A pista de Guillar farase en formigón, que cree que é o máis axeitado para ese tipo de obra. Cos 30.000 euros farase até onde chegue, e se non chega para rematala, farase a oportuna modificación orzamentaria.

No relativo a urbanización de A Palloza, recorda que urbanizacións paradas existen por todo o territorio nacional, sen que teñamos que ir moi lonxe para acadar exemplos e sen que o concello esté disposto a asumir a xestión coma no caso de Outeiro. En A Palloza solicitouse o aval que permitía a lei no seu momento.

E por suposto que hai moitas necesidades que cubrir, pero este orzamento permite manter un nivel razoable de servizos en atención aos recursos dispoñibles. E claro que poderíanos endebedarnos, pero creo que os cidadáns do futuro non teñen por qué pagar os servizos do presente.

Desminte que teñamos unha mala xestión urbanística, xa que é o concello que máis crece.

No relativo aos servizos de auga, actualmente está en execución unha ampliación da ETAP de 125.000 euros. En relación aos sumidoiros, no ano anterior aínda se fixo unha ampliación a unha parroquia. E parece mentira que se esixa o saneamento en todo o termo municipal cando Lugo ten parroquias sen o servizo, a pesares de ter unha densidade de poboación moi superior.

Tamén se adican recursos para axudas á escolarización, e se está a invertir no centro educativo e con servizos de conciliación familiar modélicos (ludoteca). No que atinxe á piscina, a día de hoxe o servizo se presta mediante un convenio coas piscinas de Bonxe.

Debemos estar no punto xusto, xa que neste Pleno uns concelleiros creen que adicamos moitos cartos e outros poucos.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, e cinco votos en contra pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, PSdG-PSOE e máis de FLI.

3. ROGOS E PREGUNTAS

Antes de entrar a tratar este punto da orde do día, o voceiro do BNG fai referencia a que o seu grupo presentou sendas mocións para o seu tratamento no presente Pleno, e que foron reconvertidos en rogos, ao seu xuízo, de forma antixurídica e políticamente inconvincente, xa que sustraen do Pleno o lexítimo debate de asuntos de calado que conciernen a tódolos veciños.

Dende o BNG sempre foron contrarios a xudicializar a vida política, xa que quen ten que xulgar as accións políticas é a cidadanía, agora ben, logo que foi cercenado o seu dereito a presentar para o seu debate propostas para mellorar o proxecto de orzamentos, enténdense lexitimados para exercer todas as vías posibles, xa que é un auténtico escándalo.

O Alcalde respóstalle que o BNG trouxo para o mes de abril unhas propostas, namentres critican que non trouxéramos o orzamento antes. Polo tanto, as propostas foron presentadas extemporáneamente. Por outra banda, noutras Administracións nas que o BNG cogobernou é frecuente que se convirtan as mocións en rogos.

O BNG afirma que na Deputación nunca se fixo.

O Alcalde respóstalle que non estaba pensando precisamente na Deputación, aínda que non está seguro que no fora así.

Tras unha algarabía trala cal o Presidente chamou ao voceiro do BNG ao orde, incíase o tratamento da orde do día.

A continuación, incíase o tratamento do presente punto da orde do día.

Rogo presentado polo grupo municipal de BNG, con número de rexistro de entrada 1402 e do seguinte teor literal:

Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte ROGO, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Basta con acceder á páxina web do Concello de Outeiro de Rei e comprobar que a pesares de pasar tempo e de estar aprobadas non se poden consultar as distintas actas en formato pdf. Isto pasa cos plenos do 30 de xuño de 2016 (de hai 10 meses!), co do 27 de outubro de 2016 e co do 24 de novembro do mesmo ano, e paradoxalmente si están as actas dos plenos do 5 de xullo e do 29 de decembro de 2016.

A Acta, unha vez aprobada polo Pleno transcríbese ao Libro de Actas, que é un instrumento Público solemne, que deberá levar en todas as súas follas, debidamente foliadas, a rúbrica da presidencia e o selo da corporación, para que os acordos reflectidos nel sexan válidos. No Concello existe o Libro de actas das sesións plenarias.

Non entendemos como estando o Concello adherido ao Servizo do Portal de Transparencia desde hai dous anos, contando coa infraestrutura física, loxística e humana necesaria, as actas (unha vez aprobadas) non son transcritas nun breve prazo de tempo (e non meses) á páxina web do Concello.

Polo cal presentamos o seguinte rogo:

- Que tan pronto sexan aprobadas as actas, estas sexan transcritas á páxina web do Concello nun período de tempo que non supere a semana.*

A instancias do Alcalde, o Secretario explica que, dende fai un tempo, concretamente dende a implantación do portal de transparencia, as actas vólcanse no Portal de Transparencia, xa que é o lugar axeitado e o seu volcado é directo e moito máis áxil.

Rogo presentado polo grupo municipal de BNG, con número de rexistro de entrada 1403 e do seguinte teor literal:

Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte ROGO, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os parques infantís e as áreas de lecer do noso Concello son lugares de encontro cotiá, nos que os cativos se divirten, adquiren destreza motriz e cultivan diversas habilidades. Non obstante, calquera cidadán pode comprobar que o mantemento e estado de conservación destes parques infantís é manifestamente mellorable. Lixo, herba sen cortar, elementos arrancados ou rotos convertéronse en algo habitual nalgunhas zonas de xogo infantil, o que non convida precisamente ó seu uso. Pero, por riba da limpeza e do aspecto visual, a principal preocupación que nos fan chegar os proxenitores é o da seguridade que estas zonas de lecer lles ofrecen ós máis pequenos; e calquera pode observar dando unha volta por algún deles, indistintamente na vila, nas urbanizacións ou noutros lugares.

No Decreto da Xunta 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís no seu Capítulo IV, que fai referencia as abrigas dos titulares de parques infantís, e máis en concreto no artigo 14º (mantemento e conservación), di: " Os titulares dos parques infantís serán responsables do seu mantemento e conservación, debendo realizar inspeccións e revisións anuais por técnicos competentes e con formación acreditada. En todo caso, será de aplicación a Norma UNE-EN 1176-

7:1998 na que se definen os requisitos para a instalación, inspección, mantemento e utilización."

É unha obriga de calquera Administración Pública velar pola seguridade dos seus cidadáns, así como poñer todos os medios necesarios para evitar que se produza calquera tipo de accidente. E máis, de non poñer estes medios ou non acometer as actuacións necesarias, a responsabilidade de calquera accidente, no caso de producirse, recaería sobre as persoas que podendo actuar para evitalo, non o fixeron.

Polo cal presentamos o seguinte rogo:

Que de forma urxente que o Concello realice as inspeccións e revisións anuais que marca a Lei e que arranxe todos os defectos que poidan aparecer para evitar posíbeis accidentes

O Alcalde afirma que ao longo de tódolos anos, o Concello ven facendo con carácter periódico seguimento e mantemento dos parques. Sempre que se detecta algún deterioro se corríxen inmediatamente. Evidentemente a seguridade ao 100% non se consegue en ningún sitio, pero trabállase diligentemente, buscando que os parques sexan seguros.

Escrito de Moción reconvertido en Rogo presentado polo grupo municipal de BNG, con número de rexistro de entrada 1405 e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferrelro Fernández e Xabler Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

Moción relativa ao investimento dos recursos procedentes do plan único de cooperación cos concellos da deputación de Lugo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de marzo, a Deputación Provincial de Lugo vén de aprobar o denominado Plan Único de Colaboración cos Concellos que vai repartir de xeito obxectivo un total de 20 millóns de euros entre todos os concellos da provincia de Lugo. Esta aprobación veu a ser a culminación do inxente traballo que o BNG veu desenvolvendo dende novembro de 2015 para que os fondos da Deputación se repartiran dun xeito máis xusto e democrático entre todos e cada un dos concellos da provincia.

Este traballo xa se fixera con éxito nas deputacións de Pontevedra e A Coruña, onde tamén o BNG, e neste caso dende o goberno, conseguiu levar adiante e aprobar plans de reparto obxectivo similar a este que conseguimos executar na Deputación de Lugo.

No caso de Lugo, aínda que non é a situación ideal pois quedan demasiados recursos para repartir de forma arbitraria polo Presidente, este sistema orzamentario vai representar unha auténtica "revolución" para a política orzamentaria existente ata o de agora na Deputación de Lugo, senda o primeiro chanzo para erradicar o caciquismo e o escurantismo no reparto de fondos que sempre existiu nesa institución, fora o Presidente do PP ou do PSOE.

Debido a todo isto, os recursos que neste caso van chegar desta institución ao concello de Outeiro vanse ver incrementados dun xeito moi importante, recursos que aínda se van incrementar moito máis debido a "salvaxe" incautación que se lle fixo ao todas as veciñas e veciños co cobro do IBI corresponde ao ano 2016.

Dende o BNG cremos que a política de investimento do concello debe mudar drasticamente. Non se pode manter un sistema de gasto baseado en pagar cantidades inxentes de cartos exclusivamente en "pagar" favores políticos e proxectos clientelares que en nada melloran a calidade de vidas das persoas de Outeiro nin axudan a que este concello despegue cara un futuro máis prometedor.

Pola contra, e dende unha posición totalmente construtiva, dende o grupo municipal do BNG eremos que este aumento nos ingresos do concello deben ser utilizados para dar un salto importante cara o desenvolvemento do concello, así como para a mellora e abaratamento dos servizos que se presta á veciñanza, sen esquecer tamén a inclusión de novos servizos que neste momento non se están a prestar.

É unha realidade que sufrimos todas as veciñas e veciños que e a rede de saneamento existente no concello cinguese case exclusivamente ao núcleo da vila e ás urbanizacións, carecendo disto practicamente toda a parte rural do concello.

Tamén se pode facilmente constatar o mal estado no que se atopa o firme e a sinalización das pistas do termo municipal, moitas delas cun tráfico moi intenso, incluso superior a algunha estrada de superior categoría.

Co estado do Patrimonio Histórico e Natural pasa tamén algo parecido. Resulta público e coñecido, incluso fóra do propio concello, o abandono a que está sometido todo o inmenso patrimonio histórico e natural que temos a sorte de ter e que sofre unha total falta de aprecio por parte dos e das dirixente municipais. A súa destrución non só é un atentado á nosa historia e á nosa identidade, senón, que é un ataque a unha das fontes de desenvolvemento económico que pode ter o noso concello.

Por outra banda, o concello de Outeiro tamén sofre a lacra do avellentamento da poboación e como tal, a existencia de moitas persoas maiores que necesitan axuda para poder subsistir no seu fogar, axuda que en moitos casos non existe ou teñen que esperar meses ata que existe unha praza para poderen ser atendidas. Un concello coma o de Outeiro de Rei, con recursos económicos suficientes, non pode baixo ningún concepto permitir que siga habendo persoas que teñan a necesidade do servizo do SAF e que este non se lles concella ou teñan que esperar por el por non ter un orzamento suficiente.

Por todo iso, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG, e dende unha total responsabilidade, o BNG PROPÓN ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte moción:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde, ou ao organismo ou organismos que corresponda segundo as competencias legalmente establecidas, para que invista os recursos procedente da Deputación Provincial pertencentes ao Plan Único de Colaboración cos Concellos seguindo os seguintes parámetros:

- Estender a rede de saneamento a todas as zonas rurais, elaborando un plan con criterios obxectivos de temporización para a súa execución.*
- Proceder ao arranxo da rede de pistas do concello, dotándoas dun firme e cunha sinalización acorde ao século XXI, elaborando un plan obxectivo de temporización deste traballo.*
- Incrementar as cantidades económicas asignadas ao SAF ata garantir que ningunha persoa que necesite este servizo careza del ou estea en espera de que lle sexa concedido.*
- Elaborar e executar un plan de posta en valor e recuperación cando sexa necesario do Patrimonio Histórico e Natural existente no concello”.*

O voceiro do BNG expresa que este escrito presentado coma moción tiña por obxecto as ideas para a formulación do Plan Provincial e máis para a formulación dos orzamentos, pero xa que non tendo as actas da Xunta de Goberno dende fai meses, enterarémonos das actuacións para o Plan Único cando o aprobe a Deputación. E este tema, que é de suma importancia, debería someterse a debate e votación neste Pleno.

O Alcalde, co gallo de informar ao Concelleiros, da lectura das actuacións incluídas no Plan Único, recordando que o Concello ten uns límites para adicar a uns ou outros proxectos:

OBRA	Total custo	Aportación Deputación	Aportación Concello
------	-------------	-----------------------	---------------------

PROYECTO DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD AL ÁREA RECREATIVA DE SANTA ISABEL EN RÚA DE MANUEL MARÍA CON INTERSECCIÓN RÚA "C" - OUTEIRO DE REI - LUGO	35.146,31	30.000	5.146,31
PROYECTO DE PAVIMENTACIÓN DE LOS CAMINOS: 1.-CAMINO LU-116, CAMPO DE LA FIESTA, CRTA. IGLESIA (VILELA) 2.-CAMINO DE CRUCE DE CORNIDE A SOBRADA RIAZÓN (SOBRADA) 3.-ACCESO A LAXE (SOBRADA) 4.-ACCESO EN FAXILDE (SOBRADA) 5.-CAMINO O CASTRO GUIMARÁS (S. FELIX DE PAZ) 6.-CAMINO A SUBIDA, CASAS NOVAS, A VEIGA BONXE) 7.-CAMINO CRUCE SILVARREI, PAPE, N-VI (SILVARREI) 8.-ACCESOS EN ALARGOS (GUILLAR) 9.-CAMINO TABOI, PEREIRO, CAMPO DE FUTBOL (TABOI)	209.319,28	169.603,9	39.715,38
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	43.856,63	30.000	13.856,63

Programa SAF	Aportación Deputación	Aportación Concello	Total custo
	25.000€	25000€	50.000€

Depuemprego	Aportación Deputación	Aportación Concello	Total custo
	60.000 €	5242,32 €	65.242,32 €

Programa actividades culturais e deportivas	Aportación Deputación	Aportación Concello
Actividades culturais	1.500€	2.950€
Actividades deportivas	1215.38€	3.358,42€

Programa eventos	Aportación Deputación	Aportación Concello

turísticos, ferias, mercados	3.000 €	40.896,93 €
---------------------------------	---------	-------------

As aportacións globais son as seguintes:

Importe total do Plan: 456.485,27 euros.

Aportación Deputación: 320.319,28 euros.

Aportación Concello: 136.165,99 euros.

E recorda que a aportación obligatoria municipal ao Plan Único era, para servizos sociais, deportes e cultura, o mesmo que o ano pasado, e nos proxectos que antes integraban o POS, preto de 14.000 euros.

Por iso, existen bastantes coincidencias entre as propostas do BNG e os investimentos incluídos no Plan Único, salvo o tema do saneamento, que o concello prevé unha partida de 75.000 euros con cargo a fondos propios e ao marxe do Plan. No relativo ao Plan de intervención no patrimonio cultural, non existe un Plan propiamente dito, se ben o Concello ven actuando neste eido dende fai tempo.

O Secretario informa que, coma a competencia para formular o orzamento é do Alcalde, as propostas dirixidas á formulación do Orzamento deben tratarse coma rogo, xa que non son competencias plenarias. Non obstante, se o que se pretende é modificar un proxecto sometido á aprobación do Pleno, o que debe presentarse é unha enmenda.

O voceiro do BNG discrepa, xa que logo non se podería someter a votación do Pleno aspectos relativos a investimentos salvo con ocasión da aprobación do orzamento.

Escrito de Moción reconvertido en Rogo presentado polo grupo municipal de BNG, con número de rexistro de entrada 1407 e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

“MOCIÓN RELATIVA Á LIMPEZA E INSTALACIÓN DE SINAIS VERTICAIS E HORIZONTAIS EN TODOS OS CRUCES E BIFURCACIÓNS DAS PISTAS, CAMIÑOS E ESTRADAS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai uns meses están a incrementarse o número de accidentes de circulación que se producen nas distintas vías de circulación de competencia municipal, senda algúns deles incluso de bastante gravidade.

Ademais dos propios accidentes en si, o que máis nos preocupa a cidadanía e que moitos deles poderían terse evitado se existise unha sinalización ou, no caso de que esta exista, que esta sexa a correcta ou sexa visible.

A limpeza das cunetas, sobre todo en certas partes do ano, tamén se está a producir a miúdo en causa de incidentes e, nalgúns casos, de accidentes.

Ademais do propio significado e riscos persoais e materiais que leva consigo a existencia de por si dun accidente, tamén está o feito das situacións absurdas que se

poden dar á hora de delimitar as responsabilidades debido ao feito de non existir esta sinalización de cruces, tal e como aconteceu, por exemplo, na antiga N-VI, cando a responsabilidade civil do accidente recaeu sobre a motocicleta que circulaba por ela no canto de ser sobre o vehículo que saía sen parar dun dos pequenos camiños que desembocan a ela. O feito de non existir neste caso un sinal de STOP no camiño foi determinante para que a persoa que circulaba pola estrada, ademais das graves feridas sufridas, tivera que facer fronte economicamente aos danos do imprudente vehículo.

Ademais de todo isto, hai que ter en conta que a responsabilidade do estado, limpeza e sinalización das vías de competencia municipal recae a todos os efectos sobre o concello e é a súa abriga mantelas en perfecto estado en todos os aspectos, pero sobre todo no referente á seguridade.

Dende o BNG eremos que é mellar que o concello se adiante e actúe previndo que volvan a acorrer accidentes deste tipo que esperar a que se produzan desgrazas que non teñan remedio ou que chegue a haber demandas que leven un custe engadido ás arcas municipais en forma de indemnizacións, ademais de ter que solucionar o problema a continuación.

Tamén dende este grupo municipal eremos que a situación económica do concello permite sen problema ningún afrontar os gastos correspondentes a este tipo de actuacións, máxime cando o incremento na recadación que se produciu no 2016 debido ao incremento do 181 por parte do concello non xustifica que este tipo de investimentos sigan sen facerse. As veciñas e veciños temos que esforzarnos moito para poder facer fronte ao pago dos impostos municipais, co que lóxicamente tamén esiximos que o concello cumpra cando menos coas súas abrigas.

Por todo iso, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG, e dende unha total responsabilidade, o BNG PROPÓN a o Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte

MOCIÓN:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde, ou ao organismo ou organismos que corresponda segundo as competencias legalmente establecidas, para que poña en marcha os mecanismos necesarios para:

1. Facer un estudo da sinalización vertical e horizontal existente en todas as vías de titularidade municipal e que, segundo ese estudo, se proceda ao seguinte:

• Cambiar e/ou modificar as sinais verticais existentes para garantir a seguridade neses cruces e bifurcacións.

• Que se proceda dun xeito urxente á instalacións das sinais verticais nos cruces e bifurcacións onde non existen nese momento.

• Que se proceda, tamén o antes posíbel, á limpeza das inmediacións de todos os cruces existentes nas vías de competencia municipal.

2. Que se programen limpeza periódicas das cunetas das vías municipais, facendo un especial fincapé nas zonas que poden representar un perigo para a circulación, como son os propios cruces ou todo tipo de curvas no trazado.

3. Que se inclúan nos orzamentos do ano 2017 as partidas económicas necesarias para facer fronte aos gastos que poida ter que se leven a cabo estas actuacións e investimentos”.

O voceiro do BNG dí que basta darse unha volta co coche polo concello para decartase do estado das cunetas, que é un desastre e da lugar a verdadeiras situacións de perigo xa que non existe visibilidade algunha. De feito, fai pouco houbo un accidente moi grave na antiga N-VI a carón do cruceiro de Santa Mariña por esta circunstancia. E existen multide de puntos neste Concello onde non existe sinalización algunha. Considera que é bastante máis necesidade de sinalizar debidamente as estradas municipais que facer un circuito de karts.

Por este motivo, propoñíase que no proxecto de orzamento se contemplasen as partidas necesarias para afrontar estas tarefas.

O Alcalde asegura que esto podería facerse todos os meses. Agora ben, se cuantificamos cánto custa esto, chegamos á conclusión que deberían deixar de facerse moitas outras cousas, ou ben non baixar os impostos ou mesmo subilos.

Temos dúas máquinas con dous conductores e ademáis o ano pasado contratouse con unha empresa outras seis ou sete parroquias, e este ano volverá a facerse así, e con isto préstase un servizo razoable.

E claro que lle gustaría facer dúas pasadas, pero de momento é demasiado custoso asumilo.

E no que atinxe ás sinais, recorda que os conductores deben coñecer as preferencias e andar con precaución e que non en todas as estradas hai stops. O Concello fará o posible dentro das súas posibilidades económicas.

Escrito de Moción reconvertido en Rogo presentado polo grupo municipal de FLI, con número de rexistro de entrada 1433 e do seguinte teor literal:

“Mocion que presenta el grupo municipal Foro Lugo Independiente de Outeiro de Rei para su inclusión en el orden del día del próximo pleno del Ayuntamiento, para la subsanación de graves deficiencias en punto limpio situado en el barrio de Sinoga perteneciente a la parroquia de Santa Mariña, todo ello al amparo de lo establecido por la Ley 7/ 1985, de 02 abril, reguladora de las bases de régimen local y el real decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, artículo 97.3.-

DOÑA MARÍAMAGDALENA RONVILLAR y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA p01tavoiz y viceportavoiz de (FLI) en esa Corporación Municipal , de acuerdo con el presente escrito, presentan la siguiente MOCIÓN.

EXPOSICIÓN MOTIVOS:

Los vecinos del barrio de Sinoga, perteneciente a la Parroquia de Santa Mariña, ponen en conocimiento de este grupo Municipal las graves deficiencias existentes en el punto limpio, situado en dicho barrio y en concreto, en las inmediaciones entre las confluencias de la carretera de Rábade a Castro Riberas de Lea y Outeiro de Reí a Cela, todo ello, no sin antes y en varias ocasiones habérselo expuesto al Alcalde de este Concello, sin que el mismo realizase ninguna actuación para tratar de mejorar dicho servicio, cuyas deficiencias consisten en el total estado de abandono, hasta el punto de parecerse más a un vertedero incontrolado que a un punto limpio, habida cuenta de que en el mismo se depositan una elevada cantidad de residuos sólidos procedentes de los vecinos de parroquias limítrofes, e

incluso personas que no pertenecen a este Concello, los cuales aprovechan para depositarlos en sus desplazamientos por distintas razones a este barrio de Outeiro de Reí.

En la acumulación de tal cantidad de residuos, hasta su recogida, pueden transcurrir al menos dos días, unido todo ello, a que las temperaturas ambientales que desde hace varios años cada vez son más elevadas, la insuficiencia de contenedores hace que las bolsas de residuos se dejen fuera de los mismos, con la consiguiente actuación de animales que las dispersan en un amplio radio y fuera de los que es la propia zona del punto limpio, todo ello contribuye a la generación de malos olores y lo que es más grave, las consecuencias sanitarias que de esa falta de control se puedan derivar.

Por todo lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Outeiro de Reí el debate y aprobación de la siguiente moción:

Que se establezca una urgente línea de actuación, consistente en ampliar el número de contenedores al menos en dos, construir una plataforma de cemento para asentarlos y de ese modo y ante cualquier vertido sería suficiente para su higienización el lavado con agua o con algún producto desinfectante y finalmente acotar la zona con una pequeña valla, obligando de ese modo a los usuarios, a que los residuos se depositan dentro del recinto establecido para ello”.

Rematada a lectura do escrito, o Alcalde exhibe fotografías dos puntos aos que se refire o rogo e feitas na semana pasada. Nela advírtese a existencia de enseres tirados no chan a pesares da periodicidade da recollida de enseres. Isto non é un punto limpo, senón a localización de contenedores.

Neste punto e nalgún punto máis, dacote vense bolsas tiradas fora dos contenedores a pesares de que éstos están medio valeiros.

Esta situación xenérase en poucos puntos e xeralmente nos apartados das casas. Agora ben, esto débese a falla de cultura e civismo dalgunhas persoas, non á falla de contenedores, xa que é máis barato poñer contenedores que recoller o lixo e o Concello porá os contenedores que fagan falta.

En relación as bases dos contenedores, paulatinamente vanse facendo bases de formigón, xa que permiten unha máis doada limpeza.

Escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 1401 e do seguinte teor literal:

Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte PREGUNTA, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Goberno local aprobou por unanimidade o pasado 24 de novembro de 2016, en sesión ordinaria, a facturanº 08-2016 a D.José Carlos Sangiao Puente, con N.I.F. nº 33.333.774-N, por un importe de 6.400 € por "honorarios pola

elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental para integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación pública do Concello de Outeiro de Rei".

Un dos principios ideolóxicos do BNG é a defensa do medio ambiente, como ben é sabido, e unha das nosas preocupacións.

Polo cal presentamos as seguintes preguntas:

./ Cal é a cualificación profesional da persoa que realizou ditas estratexias?

./ Cal foi o procedemento de contratación?

./ E por último, podía detallarnos en que consisten ditas estratexias e como se concretan na xestión e na planificación do Concello?

O Alcalde resposta que o redactor é Ingeniero Agrónomo Superior con Máster en Xestión Ambiental.

O Contrato é un contrato menor por importe de 8000 euros.

As estratexias son as detaxadas no Plan, que poderán consultar cando desexen, no que tamén se enuncias os concretos plans e accións a desenrrolar.

E estas accións concréntanse tendo en conta esta planificación a medida que os recursos económicos o permiten. Non obstante, é un plan moi recenté que debe estudiarse e implantarse paulatinamente.

Pregunta presentada polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 1404 e do seguinte teor literal:

Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte PREGUNTA, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión ordinaria de 28 de setembro de 2015 o noso grupo municipal presentamos un rogo para que desde a Alcaldía se fixeran as accións necesarias para a recuperación dunha antiga cruz de cantería que existía nunha parede dun camiño no barrio de Maúnfe e que se volvera colocar totalmente reparada no lugar onde xa levaba exposta desde hai xa moitos anos e do que nunca debeu saír.

Como dita cruz seguía sen aparecer, ou polo menos sen ser exposta no seu lugar orixinal, no pleno do 29 de outubro de 2015 preguntamos, de novo por ela. A resposta do señor Alcalde foi que estaban facendo pescudas.

Como un ano e medio despois esta cruz segue sen aparecer, ou polo menos o noso grupo municipal non ten constancia, facemos a seguinte pregunta:

¿Pode concretar o Sr.Alcalde que actuacións ou cales foron as accións realizadas así como os resultados obtidos para a recuperación da devandita cruz?

O Alcalde afirma que fixeron indagacións pero todavía non acadon solucionar este tema.

Escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do FLI con número de rexistro de entrada 1434 e do seguinte teor literal:

Doña María Magdalena Ron Villar y doña Juana Romero García, portavoz y viceportavoz de (FLI) en esa corporacion municipal y al amparo de lo establecido por la ley 7/1985, de 02 abril, reguladora de las bases de régimen local y el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales en su artículo 97.7.-formulan las siguientes preguntas:

PRIMERA.- Importe anual de la subvención que se concedió en el año 2.015 y 2.016 al equipo de futbol de Outeiro de Rei y con qué concepto se refleja dicha cantidad en los presupuestos.

SEGUNDA.- Motivo por qué no se reciben numeradas las fotocopias de las actas de la Xunta de Gobierno, la última recibida numerada es la 1343166 de fecha 28 de Enero de 2.016, igualmente este grupo no recibió las incluidas entre los números 1 3431 37 y 1343157.

A instancias do Alcalde, o Secretario resposta que dita numeración correspóndese coa numeración do papel oficial da Xunta de Galicia, non con unha numeración ou paxinación de cada acta.

No que atinxe á achega ao equipo de fútbol de Outeiro de Rei, o Alcalde informa que as achegas nominativas apróbanse con ocasión da aprobación do orzamento nun documento que se chama anexo de subvencións nominativas.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo ás quince horas e cincuenta minutos do día expresado no encabezamento, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºPº O Alcalde